

# BANDO INFORMATIVO

## SOLICITUDE DE BONO DE ALUGUEIRO SOCIAL DO PLAN REHA VITA

**MANUEL MIRÁS FRANQUEIRA**, alcalde do Concello de Orosó

**INFORMA:**

Que a Consellería de Infraestruturas e Vivenda abriu o prazo para solicitar a axuda económica denominada Bono de Alugueiro do Plan rehaVIta:

**PERSOAS BENFICIARIAS:**

- a. Aquelas que precisen dunha axuda para asumir o custo do arrendamento da súa vivenda, por estar inmersas en situacions de especial dificultade que determinaron a interposición pola persoa arrendadora dunha demanda de desafizamento por non pagamento das rendas.
- b. As das vítimas de violencia de xénero que teñan dificultades para asumir o custo do arrendamento dunha vivenda e que no momento da solicitude se atopen residindo nun recurso de acollida dos integrados na Rede galega de acollemento para este colectivo e adscrito a unha Administración pública.
- c. Aquelas con dificultades para asumir o custo do arrendamento dunha vivenda e que fosen privadas da súa vivenda habitual por danos sufridos nesta, derivados dunha circunstancia imprevisible e sobrevida, tales como incendios, inundacións, etc.
- d. Aquelas que, tendo sido beneficiarias do Programa Aluga, rematasen o período máximo de desfrute dessa axuda dentro dos nove meses anteriores á data da presentación da súa solicitude de subvención do Programa de bono alugueiro social.
- e. Aquelas que, tendo sido arrendatarias dunha vivenda de promoción pública de titularidade do IGVS, finalizase a vixencia do seu contrato, a partir da entrada en vigor desta orde.
- f. Aquelas que, por concorrer circunstancias de emergencia social e non acadar o límite mínimo de ingresos establecido no Programa de vivendas baleiras, a comisión de seguimento e coordinación do citado programa lles propóna a adxudicación dunha vivenda no marco do citado programa.

**REQUISITOS:**

Os establecidos na Orde do 15 de decembro de 2017 pola que se establecen as bases reguladoras das subvencións do Programa do bono de alugueiro social do Plan rehaVIta, Plan galego de rehabilitación, alugamento e mellora de acceso á vivenda 2015-2020, e se convocan para o ano 2018, con financiamento plurianual. (DOG nº 7 do 10/1/2018)

**LUGAR DE PRESENTACIÓN:** Departamento de Servizos Sociais. Rúa do Deporte, Baixo, Sigüeiro, telf: 981688950

**PRAZO DE PRESENTACIÓN:** Ata o 20 de novembro de 2018  
Oroso, 11 de xaneiro de 2018

O alcalde,

Manuel Mirás Franqueira

